

RECOÑECEMENTO DAS COMPETENCIAS PROFESIONAIS

Outra vía para a obtención dun certificado de profesionalidade

En Galicia a grande maioría dos traballadores en activo non teñen unha cualificación acreditada. Pero en moitos casos non é que os traballadores non teñan a cualificación que se require no seu traballo, senón que non a teñen acreditada; isto é, que non está recoñecida oficialmente a través dun título de FP ou dun certificado de profesionalidade, que son as dúas únicas vías previstas pola lexislación vixente para acreditar as cualificacións ou competencias profesionais.



Confección e mantemento de artes e aparellos



Fabricación e montaxe de instalacións de tubaxe industrial



Operacións básicas de restaurante – bar



Atención a persoas dependentes en domicilio e institucións

Esta falta de acreditación oficial da cualificación real das persoas traballadoras supón moitas veces un serio atranco ou barreira, tanto a nivel persoal como profesional, para atopar traballo e para progresar na súa profesión e na súa formación.

Coa intención de dar resposta a esta demanda social, a Consellería de Traballo e Benestar, a través da Dirección Xeral de Emprego e Formación, vén realizando importantes esforzos para poñer en marcha o procedemento de recoñecemento da competencia profesional.

Despois do éxito acadado pola primeira convocatoria do procedemento a través da **Resolución do 17 de marzo de 2011** para a acreditación das cualificacións de Atención sociosanitaria a persoas no domicilio e no ámbito das institucións sociais, lévase a cabo a publicación das **Resolucións do 23 de novembro de 2011 e do 15 de marzo de 2012** nas seguintes cualificacións:

- Atención sociosanitaria a persoas no domicilio.
- Atención sociosanitaria a persoas dependentes en institucións sociais.
- Confección e mantemento de artes e aparellos.
- Fabricación e montaxe de instalacións de tubaxe industrial.
- Operacións básicas de restaurante – bar.
- Cubertas inclinadas.

Nesta segunda convocatoria convocáronse 2000 prazas para cada unha das cualificacións de Atención sociosanitaria, debido ao gran número de solicitudes presentadas na primeira convocatoria. O asesoramento e avaliación desas 2000 prazas distribúese en dúas fases: unha primeira de 1000 prazas que se desenvolve no primeiro semestre do ano e unha segunda, das restantes 1000, que se está a desenvolver no segundo semestre do ano.

En canto ás novas cualificacións convocadas, o número de prazas é de 200 para a cualificación de Confección e mantemento de artes e aparellos; 150 para a cualificación de Fabricación e montaxe de instalacións de tubaxe industrial; 100 para a cualificación de nivel 1 de Operacións básicas de restaurante- bar e 50 para a de Cubertas inclinadas.

En total convocáronse 6 cualificacións profesionais, 17 unidades de competencia e un total de 2500 prazas.


RESULTADOS DO PROCEDEMENTO DE RECOÑECEMENTO DAS COMPETENCIAS PROFESIONAIS

Nestes momentos está rematado o procedemento nas cualificacións de Confección e mantemento de artes e aparellos, Fabricación e montaxe de instalacións de tubaxe industrial, Operacións básicas de restaurante- bar e Cubertas inclinadas, así como a primeira fase nas cualificacións de Atención sociosanitaria. Queda pendente a segunda fase das cualificacións de Atención sociosanitaria, que se está a desenvolver nestes meses e se prevé que rematen antes de finalizar o ano.

Os resultados de acreditación total ou parcial (rematados ata agora) coa conseguente consecución do certificado de profesionalidade recóllense na seguinte táboa e gráfica:

Cualificación profesional	Candidatos /as que realizan o procedemento	Candidatos/as que obteñen a acreditación completa	Candidatos/as que obteñen a acreditación parcial	Candidatos/as que non obteñen a acreditación
Atención a persoas dependentes no domicilio	475	407	61	7
Atención a persoas dependentes en institucións	465	344	109	12
Confección e mantemento de artes e aparellos	202	193		4
Fabricación e montaxe de instalacións de tubaxe industrial	30	24	6	
Operacións básicas de restaurante – bar	73	73		
Cubertas inclinadas	38	33	3	2
TOTAIS	1283	1074	179	25

Porcentaxe de persoas que obteñen o certificado de profesionalidade



ESTUDO DO MERCADO LABORAL GALICIA 2011

Esta **publicación** está comprendida dentro dunha serie iniciada no ano 2004 e segue un esquema semellante ao realizado en períodos precedentes.



Pretende servir de instrumento eficaz dirixido ao Servizo Público de Emprego e ás institucións e profesionais que desenvolven as súas actividades no ámbito laboral da

orientación e a formación profesional co fin de que teñan un coñecemento pormenorizado sobre a estrutura do mercado laboral. Analiza e proporciona información sobre as estruturas ocupacionais e a súa evolución, co fin de adaptar as cualificacións profesionais ás necesidades do mercado de traballo da nosa Comunidade autónoma.

Os obxectivos fundamentais que se pretenden acadar con esta publicación son os seguintes:

- Facilitar datos representativos das principais variables que configuran o mercado laboral da Comunidade autónoma galega, tanto desde o punto de vista cuantitativo como cualitativo; é dicir, do tecido empresarial e laboral, da demanda e da contratación e tamén a formación a desempregados.
- Mostrar a evolución temporal dos últimos cinco anos dos distintos parámetros seleccionados segundo a súa idoneidade en cada caso.

A MIÑA PROFESIÓN

A aplicación "**A miña profesión**" conta con novos perfís pertencentes ás 26 familias profesionais. O novo contido é complementario a unha serie de cambios substanciais que queremos deixar patentes:

- Sistema de busca por familias profesionais en consonancia coa propia elaboración dos perfís.
- Listado dos perfís dispoñibles na familia profesional en que se integra a ocupación obxecto da consulta.
- Cambios na presentación e na estrutura dos contidos.

Esta aplicación ten un carácter dinámico e esperamos seguir ampliando e mellorando o seu sistema de información.

Actualmente estase a traballar para incluír datos relativos á formación asociada aos distintos perfís elaborados.

A actualización e ampliación de perfís profesionais baseados no Catálogo Nacional das Cualificacións Profesionais constitúe unha tarefa fundamental dentro da organización do traballo do Instituto Galego das Cualificacións.

A miña profesión

Consellería de Traballo e Benestar

Dirección Xeral de Formación e Colocación

A aplicación "A miña profesión" conta con **novos perfís** pertencentes ás 26 familias profesionais. Esta nova inclusión de contido vai parella a unha serie de cambios substanciais que queremos deixar patentes:

- Sistema de busca por familias profesionais en consonancia coa propia elaboración dos perfís.
- Listaxe dos perfís dispoñibles na familia profesional na que se integra a ocupación obxecto de consulta.
- Cambios na presentación e na estrutura dos contidos.

Esta aplicación ten un carácter dinámico e esperamos seguir ampliando e mellorando o sistema de información da mesma. Actualmente estase a traballar para incluír información sobre a formación asociada aos distintos perfís elaborados.

A actualización e ampliación de perfís profesionais baseados no Catálogo Nacional das Cualificacións Profesionais constitúe unha tarefa fundamental dentro da organización do traballo do Instituto Galego das Cualificacións.

galicia INSTITUTO GALEGO DAS CUALIFICACIÓNS

Para acceder á páxina de publicacións do Instituto Galego das Cualificacións, prema **Aquí**.

FICHAS DO MERCADO LABORAL GALEGO 2012


Como novidade neste ano 2012 o Instituto Galego das Cualificacións publica as fichas técnicas do mercado laboral galego elaboradas polo Observatorio Ocupacional.

Estas fichas sintetizan dunha maneira gráfica as principais variables que determinan o funcionamento do mercado laboral galego.

Con estas fichas preténdese reflectir a realidade de cada unha das comarcas galegas, provincias e a propia comunidade autónoma tendo en conta os seus datos de poboación, contratación e paro rexistrado.


O contido das fichas amosan con diferentes gráficas e táboas os seguintes datos:

1. Datos de ocupación.
2. Enquisa de poboación activa.
3. Contratación.
4. Paro rexistrado.
5. Perfil das persoas demandantes e contratadas.




Para consultar os datos referentes á comunidade autónoma prema [Aquí](#)

TAXAS DE ACTIVIDADE, PARO E OCUPACIÓN POR IDADE



TAXAS DE ACTIVIDADE, PARO E OCUPACIÓN POR SEXO



Para consultar datos provinciais pulse [Aquí](#)



Para consultar datos comarcais pulse [Aquí](#)



Acceda [Aquí](#) á páxina web da Consellería de Traballo e Benestar.

Para acceder directamente á Área de Traballo pulse [Aquí](#).